



BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021

Base 1. Definición do obxecto da subvención.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable á concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2021 para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Base 2. Réxime Xurídico.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible, de tal xeito que a concesión das subvencións realizárase mediante a comparación das solicitudes achegadas polos interesados, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados na base 10 e adjudicar subvencións, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aos solicitantes que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios, segundo o disposto no artigo 17.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para entidades asociativas (asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, e agrupacións de veciños da provincia de Lugo para a realización de investimentos en inmobles ou para equipamentos que melloren a calidade de vida local e fomenten e dinamicen o asociacionismo veciñal na provincia de Lugo (anualidade 2021) teñen por obxecto a realización de investimentos (código obxecto 1), articularase na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código axuda de Estado 1), encadrada dentro do sector económico das actividades asociativas (código sector económico 94.9). Esta axuda ten unha finalidade de fomento de actividades económicas e asociacionismo veciñal nos núcleos de poboación (código finalidade 18), sendo o impacto de xénero nulo (código do impacto de xénero 2).

♣ Estes códigos refírense á información para a base de datos nacional de subvencións.

♣ Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>.

Base 3. Crédito orzamentario.

O importe máximo destinado para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2021 para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) ascende a trescentos mil euros (300.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 4590.789 do vixente Orzamento Xeral (ano 2021), e cuxa previsión ven recollida na Liña 8.1 - Cooperación cos Concellos para o fomento de actividades económicas, mellora da produtividade e emprendemento nos núcleos de poboación e na súa contorna no Anexo I Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2021 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo (2020-2022).

Base 4. Carácter das subvencións.

1. As subvencións que se concedan, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2021 terán carácter voluntario e eventual e non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

2. A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos poderá acordar revisalas ou , de ser o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

3. En calquera caso, a Deputación Provincial de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 5. Beneficiarios: Requisitos e Obrigas.

- Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións convocadas as asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes e asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, todos eles legalmente constituídos e debidamente inscritos no rexistro público correspondente, así como as agrupacións de veciños (integradas como mínimo por 3 persoas), para a realización de inversións, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo deste modo a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

Os beneficiarios deberán ter o domicilio social na Provincia de Lugo. No caso das agrupacións sen personalidade xurídica, cada un dos membros da mesma deberá ter a súa residencia na provincia de Lugo ou que se acredite co domicilio que conste no DNI ou, no seu caso, certificado de empadramento.

2. Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios.

3. Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Nestes supostos a agrupación debe ter unha conta bancaria mancomunada na que consten como mínimo tres persoas integrantes da mesma. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

-Requisitos:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións, as entidades que se atopen na situación que fundamenta a súa concesión e nas que non concorra ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da LSG e nos artigos 11 e 13 da LXS. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, cada un dos integrantes da mesma deberá cumprir con estes requisitos da LSG e LXS.

-Obrigas:

Os beneficiarios estarán sometidos en todo caso ás obrigacións previstas nos artigos 11 e 29.4 da LSG e nos artigos 14 e 31.4 da LXS, así como os que se deriven do contido das presentes bases.

Exclusións:

En calquera caso, non poderán obter a condición de beneficiario:



- As entidades en quen concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da LSG e nos artigos 11 e 13 da LXS.
- As entidades que non se achen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e que non se achen ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións.
- En ningún caso poderán acceder á condición de beneficiario cando teñan pendentes de xustificación subvenciones outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Base 6. Protección de datos de carácter persoal.

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPDP) e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais recabados como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes para a mellora da calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo. A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento e o cumprimento dunha misión realizada na interese pública ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.

Base 7. Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables os que se relacionan a continuación:

1. Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados a consecuencia de inversións realizadas en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teña o dereito de uso, os gastos derivados da adquisición de equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento común, os gastos derivados de obras nas traídas de auga comunitarias, os gastos derivados da mellora, adecuación do firme e sinalización de vías públicas comunais e dos seus accesos e os gastos derivados de obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna
2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade do 2021 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021)

Poderá concederse unha prórroga do prazo de execución, por razóns debidamente xustificadas, de como máximo ata o 28 de febreiro de 2022.



As actividades subvencionadas son:

- a) Mellora, adecuación do firme e sinalización de vías públicas comunais e dos seus accesos.
- b) Obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade.
- c) Adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade: mobiliario e equipamento.
- d) Obras novas, de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas.
- e) Construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, así como das súas captacións, canalizacións e acometidas.
- f) Obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.

3. Os gastos abonados dentro do prazo de execución establecido e ata a finalización do período de xustificación previsto nestas bases.

4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

5. Os gastos notariais e rexistrais, así como os de redacción de memoria ou proxecto serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

6. Non serán subvencionables os gastos correntes das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alquileres de locais ou similares, nin adquisición de elementos decorativos ou ornamentais.

7. Os beneficiarios poderán subcontratar, total ou parcialmente, nos termos establecidos no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.

Base 8. Importe das subvencións.

1. O Importe das subvencións a conceder, por entidade solicitante, estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÁXIMO	IMPORTE MÍNIMO
6.000,00 €	1.000,00 €

2. A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% do custo da actuación subvencionada deberá ser financiada polo propia entidade beneficiaria.

3. En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. Soamente se concederá unha axuda por entidade solicitante.

6. As entidades beneficiarias dunha subvención por importe de igual ou superior a 3.000 € poderán solicitar o aboamento anticipado de ata o 50% do importe da subvención, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.



En ningún caso realizaranse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, ter sido declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo (Anexo III)
2. Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada. Nos supostos de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica, a mesma debe ter unha conta bancaria mancomunada na que consten como mínimo tres persoas integrantes da mesma.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.
4. Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica cada un dos integrantes deberá acreditar estar ao corrente das referidas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

O centro xestor deberá axuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO I (continuación) da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros no suposto de que o beneficiario autorizase á Deputación para solicitalos.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que no caso das agrupacións sen personalidade xurídica deberá ser acreditado por cada un dos membros que a conforman.

Base 9. Avaliación das solicitudes.

A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos.

Base 10. Criterios de Valoración.

Para a concesión das subvencións teranse en conta os seguintes CRITERIOS DE VALORACIÓN tendo en conta unha metodoloxía comparativa.

1. Na valoración das solicitudes presentadas ponderaranse os seguintes aspectos, ata un máximo de 100 puntos:

A) Tipoloxía de proxecto puntuarase con base nos seguintes criterios específicos, que terán carácter acumulable ata un máximo de **40 puntos**:

A.1) No caso de actuacións de acondicionamento de locais, puntuarase aspectos específicos relativos á tipoloxía de proxecto para potenciar aquelas actuacións que signifiquen unha maior incidencia sobre o mantemento da actividades asociativas e veciñais, considerando aspectos como:

- i) Obras de mellora de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: máximo de **12 puntos**.
- ii) Obras de mellora e reparación da estrutura do edificio: máximo de **10 puntos**.
- iii) Obras sobre fachadas, incluída a instalación ou cambio de xanelas, tellados, paramentos interiores, pavimentos ou teitos: máximo de **7 puntos**.
- iv) Obras de instalación de fontanería, saneamento, electricidade ou calefacción: máximo de **6 puntos**.
- v) Adquisición de equipamento ou mobiliario: máximo de **5 puntos**.

A.2) No caso de proxectos de traídas de auga, puntúanse aspectos específicos que teñen que ver coa tipoloxía do proxecto para priorizar aqueles que implican actuacións sobre as infraestruturas da traída para minimizar as perdas de auga, a mellora da xestión e control da auga ou a optimización da eficiencia e o aforro enerxético. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- i) Actuacións sobre a captación, as canalizacións ou os depósitos, destinadas a reducir as perdas de auga: máximo de **14 puntos**.
- ii) Actuacións destinadas á mellorar a xestión, a medición ou o control de calidade de auga: máximo de **12 puntos**.
- iii) Implantación e mellora de tecnoloxía e instalacións eléctricas que permitan optimizar a eficiencia e o aforro enerxético na traída de augas: máximo de **9 puntos**.
- iv) Actuacións sobre os elementos complementarios asociados á infraestrutura da traída (camiños de acceso, valados, etc.): máximo de **5 puntos**.

A.3) No caso de actuacións en vías públicas e accesos comunais, puntuaranse aspectos específicos que teñen que ver coa mellora da accesibilidade e mobilidade do rural. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- i) Obras de mellora do firme do camiño (zahorra, formigón, mezcla asfáltica, aglomerado, etc.): máximo de **13 puntos**.
- ii) Obras de mellora da infraestrutura funcional do camiño (construción de tajeas, instalación de biondas etc.): máximo de **9 puntos**.
- iii) Obras que melloren a seguridade vial (instalación de espellos de seguridade convexos, redutores de velocidade, etc.): máximo de **7 puntos**.
- iv) Actuacións de sinalización no camiño: máximo de **6 puntos**.
- v) Actuacións sobre elementos complementarios (valados, muros...): máximo de **5 puntos**.



A.4) No caso de actuacións para acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna, puntuaranse os proxectos que poñen en valor o patrimonio local téndose en conta os seguintes aspectos:

- i) Obras de recuperación de elementos abandonados ou en mal estado: máximo de **14 puntos**.
- ii) Obras de mellora de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: máximo de **10 puntos**.
- iii) Obras de acondicionamento que conleven unha mellora na contorna (obras de axardinamento, obras de integración paisaxística, etc): máximo de **9 puntos**.
- iv) Actuacións complementarias ou equipamentos que engadan valor patrimonial á infraestrutura: máximo de **7 puntos**.

B) O Interese social da actuación valorarase ata un máximo de **25 puntos**.

A puntuación a outorgar a cada unha das actuacións será en función dos criterios de utilidade, necesidade, interese e urxencia das actuacións, coma dos obxectivos que se pretenden conseguir coa súa realización e impacto no entorno da actuación así como na mellora da calidade de vida e da optimización dos recursos para a vida rural. Cualificarase a memoria da actuación como insuficiente, suficiente, boa e moi boa segundo a seguinte puntuación:

- i) Moi boa: máximo de **25 puntos**
- ii) Boa: máximo de **15 puntos**
- iii) Suficiente: máximo de **5 puntos**
- iv) Insuficiente: máximo de **0 puntos**

C) Viabilidade do proxecto presentado. Para a valoración deste epígrafe valorarase ata un máximo de **20 puntos**.

1. Proxectos fundamentados cunha estrutura interna clara e coherente, nos que se desenrole pormenorizadamente o contido dos mesmos, e dos que se deduza a súa viabilidade, máximo de **20 puntos**.
2. Proxectos definidos dunha maneira xeral, sen desenvolver pormenorizadamente o contido dos mesmos e dos que se deduza a súa viabilidade, máximo de **10 puntos**.

D) A optimización dos recursos dispoñibles tendo en conta o número de usuarios que se beneficiarán da obra ou actuación prevista segundo certificación/declaración presentada debidamente xustificado; de non presentarse ou entenderse pola Comisión non xustificado, tomaranse como datos os últimos publicados no INE da entidade singular na que se realice a actuación, valorarase ata un máximo de **10 puntos**.

- a) Mais de 50 usuarios: **10 puntos**.
- b) Entre 21 e 50 usuarios: **6 puntos**.
- c) Entre 11 e 20 usuarios: **4 puntos**.
- d) Menos de 10 usuarios: **2 puntos**.

E) A calidade da documentación presentada valorarase ata un máximo de **5 puntos**, tendo en conta os seguintes aspectos:

Aquelas solicitudes correctas e completas e sobre as que non hai que requirir emenda nin achega de documentación complementaria.

A claridade expositiva da memoria de actuacións.

No caso de empate na puntuación final entre dúas ou mais solicitudes, a orde de prelación establecerase con base na data e hora de presentación da solicitude. Naqueles supostos nos que , ao amparo do establecido na base 11, requirísese ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por data e hora de entrada da solicitude aquela en que devandito requirimento estivese correctamente atendido.

Base 11. Iniciación. Solicitudes

As entidades que queiran solicitar subvencións no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2021 deberán formular a súa solicitude nos modelos normalizados dispoñibles na Páxina Web da Deputación <http://www.deputacionlugo.gal>, na forma determinada no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cabe a posibilidade de que as solicitudes sexan presentadas directamente no Rexistro Xeral da Deputación onde se realizará a comprobación dos datos identificativos da persoa física ou xurídica a efectos do seu rexistro electrónico.

As persoas xurídicas deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo I Persoas xurídicas, que versa sobre os datos da entidade solicitante e do proxecto.
- b) Anexo I- Continuación, Persoas xurídicas que recolle unha declaración que abarca o seguinte:
 1. Declaración das axudas concedidas ou solicitadas a administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
 2. Declaración onde se recolle o desglose do financiamento para o cal se solicita a subvención
 3. Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se acompañan son certos.
 4. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 5. Declaración onde consta que a entidade solicitante posúe a titularidade ou ten o dereito de uso por calquera título válido en dereito sobre os terreos ou inmobles sobre os que se vai a desenrolar o proxecto subvencionado.
 6. Declaración onde consta que a entidade solicitante obterá as licenzas e autorizacións preceptivas para a execución da actuación obxecto da subvención.
 7. Declaración de que entidade solicitante acepta as bases da convocatoria.
 8. Declaración sobre se a entidade solicitante asumirá ou non o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por ter a posibilidade ou non de compensalo ou recuperalo.
 9. Autorización ou non para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.
 10. Declaración da documentación que se achega xunto coa solicitude.

Xunto co modelo normalizado de solicitude (Anexo I e Anexo I –continuación-) as entidades solicitantes deberán remitir a documentación que se indica a continuación:

c) Certificación emitida e debidamente asinada polo secretario ou secretaria da entidade solicitante (Anexo II), na que se faga constar:

- O acordo do órgano competente da entidade solicitante, polo que se aproba participar nesta convocatoria de subvencións e o nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Deputación de Lugo.
- O número de usuarios beneficiarios da actuación subvencionada debidamente xustificado.

d) Memoria valorada da actuación que se vai a realizar e que será debidamente asinada pola persoa representante da entidade; no caso de realización de obras, deberá ser asinada por técnico competente; co seguinte contido mínimo para posibilitar a valoración da solicitude con relación aos criterios establecidos na base 10:



- Proxecto/Memoria descritiva das actuacións que inclúa a explicación da utilidade, necesidade, interese e urxencia do proxecto e os obxectivos que pretenden conseguir coa súa execución
- Planos e/o fotografías que evidencien a situación da instalación antes da execución da obra.
- Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario, e incluírá o imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa de aplicación.

En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

e) Copia dos Estatutos.

f) Copia do NIF da entidade

g) Copia do DNI do representante da entidade.

h) Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros.

As agrupacións sen personalidade xurídica deberá presentar a seguinte documentación:

a) Anexo I Agrupacións, que versa sobre os datos da agrupación solicitante e do proxecto.

b) Anexo I- Continuación Agrupacións, que recolle unha declaración de tódolos membros da agrupación que abarca o seguinte:

1. Declaración das axudas concedidas ou solicitadas a administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
2. Declaración onde se recolle o desglose do financiamento para o cal se solicita a subvención
3. Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se acompañan son certos.
4. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
5. Declaración onde consta que os solicitantes posúen a titularidade ou teñen o dereito de uso por calquera título válido en dereito sobre os terreos ou inmobles sobre os que se vai a desenrolar o proxecto subvencionado.
6. Declaración onde consta que os solicitantes obterán as licenzas e autorizacións preceptivas para a execución da actuación obxecto da subvención.
7. Declaración de que os solicitantes aceptan as bases da convocatoria.
8. Declaración sobre se os solicitantes asumirán ou non o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por ter a posibilidade ou non de compensalo ou recuperalo.
9. Autorización ou non para que a Deputación Provincial de Lugo solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.
10. Declaración sobre o número de usuarios que se beneficiarán da actuación debidamente xustificado.
11. Declaración da documentación que se achega xunto coa solicitude.
12. Datos relativos aos supostos de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica.

Xunto co modelo normalizado de solicitude (Anexo I e Anexo I –continuación-) as agrupacións solicitantes deberán remitir a documentación que se indica a continuación:



c) Memoria valorada da actuación que se vai a realizar e que será debidamente asinada pola persoa representante da entidade; no caso de realización de obras deberá ser asinada por técnico competente; co seguinte contido mínimo para posibilitar a valoración da solicitude con relación aos criterios establecidos na base 10:

- Proxecto/Memoria descritiva das actuacións que inclúa a explicación da utilidade, necesidade, interese e urxencia do proxecto e os obxectivos que pretenden conseguir coa súa execución
- Planos e/o fotografías que evidencien a situación da instalación antes da execución da obra.
- Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario, e incluírá o imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa de aplicación.

En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

d) Copia do DNI de cada un dos integrantes da agrupación.

e) Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros de cada un dos integrantes da agrupación.

As solicitudes deberán ir subscriptas polos peticionarios e deberán vir acompañadas daqueles documentos requiridos nestas bases. No caso de entidades con personalidade xurídica irán asinadas polo representante das mesmas, e no caso de agrupacións sen personalidade xurídica, o Anexo I- Continuación deberá ir asinado por tódolos integrantes da agrupación e o resto da documentación polo representante nomeado.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano instructor requirirá ao suxeito interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, o órgano instructor poderá requirir ás entidades solicitantes para que aporten cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da solicitude ou para a súa tramitación e resolución.

Nesta convocatoria, cada entidade solicitante poderá formular unha única solicitude. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, cada persoa física só poderá formar parte dunha agrupación. No caso de presentar máis dunha solicitude, so se terá en conta a primeira presentada no rexistro.

Base 12. Acordos de Resolución e Notificacións

- Acordo de resolución provisional:

1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes. O acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

- Acordo de resolución definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións, no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaçión de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da Lei 39/2015.

Base 13. Xustificación e aboamento das subvencións.

O beneficiario deberá achegar, no prazo máximo, de dous meses a contar dende a data de finalización do prazo de execución, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

- Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación :

1.ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas nas bases da convocatoria, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

2.ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se afecten á subvención. Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

3.ANEXO III -Declaración conxunta-

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos nas presentes bases da convocatoria.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, esta declaración deberá ser asinada por tódolos integrantes da agrupación.

4. Xustificantes de gasto (facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos) afectados á Deputación:

- Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
- Do resto de xustificantes comprobarase unha mostra que polo menos supoña a seguinte porcentaxe en función do número de xustificantes:
 - Menor ou igual a 10, 10%.
 - Entre 10 e 30, o 5%.
 - Superior a 30, o 2%.

5. Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán aboarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ata o 10/07/2021 inclusive ou o seu contravalor en moeda estranxeira; dende o 11/07/2021, coa modificación da referida lei pola Lei 11/2021 de 9 de xullo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “*Recibín en efectivo na data _____*”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

6. Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros. No caso das agrupacións sen personalidade xurídica deberá ser acreditado por cada un dos membros que a conforman

7. ANEXO IV. Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos (adquisición de bens inventariables non inscribibles nun rexistro público). No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, esta declaración deberá ser asinada por tódolos integrantes da agrupación.



8. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables inscribibles nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de cinco anos. Esta circunstancia deberá facerse constar en escritura pública, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

9. Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Nos supostos de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, a mesma debe ter unha conta bancaria mancomunada na que consten como mínimo tres persoas integrantes da mesma.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro - anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Previamente á aprobación da xustificación das subvencións e como documento específico da referida conta, emitirase por técnico designado pola Deputación Provincial, certificado acreditativo de que as actuacións realizadas correspóndense coas solicitadas e xustificadas así como o gasto realizado.

O centro xestor deberá axuntar o Anexo I Continuación, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros no suposto de que o beneficiario autorizase á Deputación para solicitalos.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Base 14. Modificación da resolución de concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, entodo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No suposto de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pagamento da subvención realizarase de acordo co custo real do proxecto executado e xustificado, ata o límite do importe concedido menos o cinco por cento que debe asumir o beneficiario.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.



Base 15. Concorrenza de axudas e subvencións públicas

Estas subvencións son compatibles con todas as subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non obstante, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada.

Cando se produza exceso das subvencións percibidas de distintas Entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, o beneficiario deberá reintegrar á Deputación de Lugo o exceso que corresponda en proporción á subvención concedida por este, xunto cos intereses de demora que correspondan a contar dende o momento en que se percibiu o importe da subvención ata o día en que, efectivamente, procédese á súa devolución, unindo a carta de pago á correspondente xustificación.

Con todo, cando sexa a Deputación de Lugo a que advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada por este, xunto cos intereses de demora que correspondan desde o momento en que se percibiu o importe da subvención ata o día en que se acordou o reintegro.

Base 16.- Reducións.

Unha vez recibida a conta xustificativa o centro xestor revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron o acordo de resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrenza con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

Base 17.- A renuncia.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 18.-Plan de Auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1.- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2.- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.

3.- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 19.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- f) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Base 20.- Réxime de recursos.

O acordo de concesión pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso de reposición, así como cando transcorrese o prazo para resolver sen que recaese resolución expresa, no prazo



dun mes se o acto fóra expreso e tres meses se se interpón contra o silencio administrativo desestimatorio, a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, ou ben interpoñer , directamente no prazo de dous meses, ou seis se non fóra expreso, contados a partir do día seguinte ao da notificación, recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto nos artigos 124.1 da lei mencionada e do artigo 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa Administrativa. Tamén poderá utilizar, con todo, outros recursos, se se estimase oportuno.

Base 21.- Normativa de aplicación.

No non previsto nesta CONVOCATORIA estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 29/ 1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa
- A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- O Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo 2020-2022.

O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-19,

O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón